

GALICIA ACOLLE: ASOCIACIÓN PARA A INTEGRACIÓN DE INMIGRANTES ESTRANXEIROS

Javier Hermida Porto

Diplomado en Traballo Social e Secretario de Galicia Acolle

Miguel Ángel Valcárcel Calvo

Diplomado en Traballo Social e Tesoureiro de Galicia Acolle

Publicado en *Fervenzas. Revista Galega de Traballo Social*. Colexio Oficial de Diplomados de Traballo Social de Galicia, (nº 9, novembro 2006) Santiago de Compostela, pp. 161-163.

A Asociación Galicia Acolle naceu en marzo de 2003 da man dunha serie de persoas interesadas polo tema da inmigración. Naceu cunhas ideas moi definidas: axudar os inmigrantes no proceso de integración, sensibilizar a sociedade de acollida e esixirlles ás diferentes administracións políticas de integración.

Estas ideas definíronse concretamente nos estatutos da asociación; destácanse as seguintes:

1. Defender os dereitos laborais e sociais dos inmigrantes.
2. Darlles información, orientación e asesoramento para facilitar a súa integración na sociedade.
3. Facilitarlles acceso aos servizos sociais, xurídicos, sanitarios, educativos, culturais, de lecer e vivenda.
4. Promover o asociacionismo dos inmigrantes.
5. Darlle a coñecer á sociedade a situación dos inmigrantes en Galicia.
6. Promover a coordinación e a colaboración dos distintos organismos e das asociacións neste campo.
7. Promover e propoñer nas diferentes administracións solucións aos problemas dos inmigrantes.

Engadíndose aquelas cuestións que xurdan da continua análise da realidade que nos rodea.

Polo tanto, **Galicia Acolle** desempeña varias actividades dentro deste marco: información e asesoramento social e xurídico, clases de castelán para adultos e nenos e clases de apoio para a adaptación curricular dos menores son os servizos que se lles ofrecen directamente aos inmigrantes. De cara á sociedade de acollida realízanse campañas de sensibilización e participase en foros sociais (de Cáritas, da Universidade de Santiago de Compostela, Foro de inmigración de Santiago,...). Por último, mantense contacto coas administracións local, autonómica e estatal (1) para esixir unha mellora da atención aos inmigrantes.

Por outra parte, **Galicia Acolle** pertence á federación “Red Acoge”(2) que aglutina a todos os “Acoge” de España. Traballar cun colectivo con ampla mobilidade xeográfica permite compartir información, presionar a nivel estatal e ter acceso a programas ministeriais.

A Comunidade galega é a sexta autonomía que máis inmigrantes ten de España(3) - sendo a sétima en poboación (4) -. Porén, esta realidade non fai que se produzan problemas sociais debido a que a maioría dos inmigrantes son de orixe latinoamericana e descendentes de galegos emigrados noutras épocas. De todo os xeitos, en **Galicia Acolle** consideramos que o labor de sensibilización ten que comezar agora e non agardar a que aparezan problemas sociais.

A poboación galega atópase dispersa e os inmigrantes tenden a concentrarse nas cidades e nas cabeceiras comarcaís, aínda que as diferenzas entre as cidades son moi notables. Santiago é unha cidade administrativa (Universidade, Xunta de Galicia,...) mentres que en Vigo, ao ser unha cidade con moita máis poboación, con porto, e cunha maior actividade industrial e de construción, aumentan as posibilidades de emprego para un inmigrante.

Isto é o que fai como prioritaria a apertura dunha sede en Vigo, nestes momentos en proceso e, a longo prazo, outra na Coruña.

1 Concellería de Emigración e Inmigración, antiga Consellería de Emigración e Inmigración e Subdelegación do Goberno para a provincia da Coruña.

2 Actualmente en proceso de unificación con Andalucía Acoge para facer unha soa federación estatal.

3 En Galicia hai 51.709 inmigrantes. Este dato refírese sempre a inmigrantes regulares, no caso dos irregulares cambian moito pero os datos non son fiables. Fonte: INE. Cifras de poboación referidas ao 1 de xaneiro de 2004.

4 INE. Cifras de poboación referidas ao 1 de xaneiro de 2004.